



Deputación
Pontevedra

BOLETÍN OFICIAL

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

XOVES 4 DE DECEMBRO DE 2014

◆ Número 235

◆ Pág. 1

SUMARIO

XUNTA DE GALICIA	<u>Páx.</u>
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	
<i>Augas de Galicia</i>	
Subdirección Xeral de Xestión	
do Dominio Público Hidráulico	2
Zona Hidrográfica Galicia Sur	3
ADMINISTRACIÓN LOCAL	
Provincial	
Deputación Provincial	3
Municipal	
Crecente	8
Lalín	8
Marín	8
O Porriño	9
Rodeiro	11
Vilagarcía de Arousa	13
Valga	15
ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	
Xulgados do Social	
De Pontevedra	15
De Vigo	20

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO

A N U N C I O

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 3 de novembro de 2014 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle a Supervisión y Control, S.A. unha concesión de 610 m³ anuais de auga que procede dun pozo situado en Peinador, parroquia de Cabral (Santa Mariña), no concello de Vigo (Pontevedra), con destino a uso sanitario e limpeza de instalacións.

Número Expte.: DH.A36.17486

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2014.—A xefa do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, María Luísa Boquete Pumar. **2014009318**

A N U N C I O

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 3 de novembro de 2014 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle a Cándida Parcero Penas unha concesión de 2446 m³ anuais de auga que procede do río Ulla, na Pedreira, parroquia de Gres (Santiago), no concello de Vila de Cruces (Pontevedra), con destino a rega de parcela.

Número Expte.: DH.A36.17831

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2014.—A xefa do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, María Luísa Boquete Pumar. **2014009317**

A N U N C I O

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 20 de outubro de 2014 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle a David Pastoriza Riveiro unha concesión de 535 m³ anuais de auga que procede dunha captación no río Bouzós no lugar de Romarigo, na parroquia de Coiro (San Salvador), no concello de Cangas (Pontevedra), con destino a rega de parcela.

Número Expte.: DH.A36.42167

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2014.—A xefa do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, María Luísa Boquete Pumar. **2014008935**



ZONA HIDROGRÁFICA GALICIA SUR

A N U N C I O

A Axencia Galega de Infraestruturas, con DNI Q1500376G e enderezo Edificio Administrativo de San Caetano, s/n, solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía e dominio público hidráulico, no lugar de Broullón, parroquia de San Martiño, Concello de Moaña (Pontevedra). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W36.46617.

As obras solicitadas consisten en traballos de construción de superficie destinada a aparcadoiro disuasorio na área interior aos ramais de enlace de Moaña do C.G.41 coa estrada PO-313, e mais dunha glorieta de 36 m de diámetro exterior consistente en movemento de terras, instalacións para o drenaxe da área mediante cunetas, salvacunetas, baixantes colectores, pozos de rexistro e sumidoiros, pavimentacións mediante paquetes de firmes de zahorra artificial e mesuras bituminosas en quente, e instalación de elementos de sinalización e balizamento, en zona de policía, servidume e dominio público hidráulico, actualmente canalizado soterrado na zona de actuación, do rego do Inferno, no lugar de Broullón, parroquia de San Martiño, Concello de Moaña (Pontevedra).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte a data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Moaña ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ San Salvador, 2-4º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 29 de outubro de 2014.—O xefe da Área de Autorizacións e Concesións, Alberto Bosquet
Herrerros. 2014009366

ADMINISTRACIÓN LOCAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

EXTRACTOS DE ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN SESIÓN, ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 21 DE NOVIEMBRE DE 2014

A S I S T E N T E S :

Presidencia: D. Rafael Louzán Abal.

Deputados: D. José Crespo Iglesias, Dna. Begoña Estévez Bernárdez, D. José Manuel Figueroa Vila, D. Jose Carlos López Campos, D. José Luis Pérez Estévez, Dna. María Pilar Ramallo Vázquez, D. Moisés Rodríguez Pérez, D. Alberto Valverde Pérez e D. Jesús Vázquez Almuíña.

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay.

Interventor: D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia a Xunta de Goberno adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1.—Apróbanse os borradores das actas das sesións ordinarias dos días 7 e 14 de novembro de 2014.

2.—Concédesse subvención ó Concello de Baiona para a realización do investimento denominado “Redacción do Plan especial de dotación e infraestruturas As Costeiras”, incluída no Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014 (PUSIM/14).

3.—Concédesse subvención ó Concello de Moaña para a realización do investimento denominado “Mellora en distintas beirarrúas de Moaña”, incluída no Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014 (PUSIM/14).

4.— Concédese subvención ó Concello de Moaña para a realización do investimento denominado “Rehabilitación de lavadoiros en Moaña”, incluída no Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014 (PUSIM/14).

5.— Concédese subvención ó Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización do investimento denominado “Subministración e instalación de bombas de augas residuais”, incluída no Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014 (PUSIM/14).

6.— Apróbase o cambio de aplicación solicitado polo Concello de Fornelos de Montes para substituír a subvención outorgada para realizar a actividade núm. 2014001422 “Sufragar gastos da festa da espuma” pola actividade núm. 2014001420 “Sufragar gastos do campionato de fútbol-sala 2014”, incluídas no PAM-2014 – sección actividades.

7.— Acórdase prorrogar unha bolsa de práctica laboral 2013 para titulados universitarios e de formación profesional en empresas do sector privado da provincia de Pontevedra.

8.— Adxudícase unha bolsa de mestre canteiro con destino á Escola de Canteiros da Deputación de Pontevedra.

9.— Acórdase a finalización dunha bolsa de práctica laboral en empresas por renuncia da bolseira Emma Romero Quinteiro na empresa Protosolar S.L.U.

10.— Acórdase a finalización dunha bolsa de práctica laboral en empresas por renuncia do bolseiro Juan Silvoso de la Maza na empresa Proyectos y Sinergias Empresariales, S.L.

11.— Acórdase a finalización dunha bolsa de práctica laboral en empresas por renuncia do bolseiro Diego Lusquiños Torres na empresa Imotion Factory, S.L.

12.— Concédese permiso e axuda económica para asistencia a cursos a un empregado.

13.— Comunicaci3ns: non houbo.

F3ra da orde do d3a:

14.— Concédese subvención 3 Concello de Moaña para a realizaci3n do investimento denominado “Abastecemento de auga no barrio de Broull3n”, incluída no Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014 (PUSIM/14).

15.— Concédese subvención 3 Concello de Salvaterra de Miño para a realizaci3n do investimento denominado “Mellora do firme para pista polideportiva no CEIP Infante Felipe de Borb3n (Salvaterra de Miño)”.

16.— D3ase conta da proposta gañadora do concurso de ideas para deseñar a nomenclatura e a imaxe para a comercializaci3n dos viños escumosos da denominaci3n de orixe R3as Baixas.

17.— Apr3base o expediente de contrataci3n da obra “Centro de servizos e apoio empresarial no pol3gono empresarial Barro-Meis”.

18.— Concédese pr3rroga na execuci3n da obra “Humanizaci3n r3a Almu3a (Mar3n)”.

19.— Ampl3ase o prazo de presentaci3n de ofertas no procedemento aberto para a contrataci3n da “Subministraci3n e instalaci3n dun sistema de filmaci3n directa a prancha de impresi3n (CTP) para a Imprenta Provincial”.

20.— Apr3base o convenio de colaboraci3n entre a Deputaci3n Provincial e o Concello de Redondela para levar a cabo a fase III no complexo deportivo Santa Mariña.

21.— Acórdase a devoluci3n de varias garant3as definitivas.

22.— Rogos e preguntas: non houbo.

O Secretario, Carlos Cuadrado Romay.

2014119303

ANUNCIO: convocados os centros de FP con ciclos medios da provincia de Pontevedra a participar como entidades de envío dentro do proxecto "Practicum Depo 2015", que se presentará na convocatoria Erasmus+2015

**“PRACTICUM DEPO 2015” PRÁCTICAS LABORAIS EN EUROPA PARA MOZOS
RECÉN TITULADOS DE CICLOS MEDIOS DE FP**

O B X E C T O

A Deputación de Pontevedra ten previsto presentar unha proposta á OAPEE dentro do programa Erasmus+ para mozos recén titulados de ciclos medios de formación profesional da provincia de Pontevedra. O proxecto consiste na realización de prácticas en empresas do sector privado ou en organismos públicos europeos durante 6 meses, con fin de promover e completar a súa formación académica, impulsar a súa inserción laboral, facilitar a súa futura incorporación ó mercado de traballo e aumentar as súas competencias en linguas estranxeiras.

Por este motivo convócase ós centros de FP con ciclos medios que queiran participar como entidades de envío dentro do proxecto que se presentará na convocatoria Erasmus+2015.

P R A Z O

O prazo de presentación das solicitudes é de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

S O L I C I T U D E S

Para poder participar neste proxecto:

1º) Será necesario presentar unha solicitude por escrito na que se fará constar o interese do centro en participar na convocatoria. Estas irán dirixidas ó presidente da Deputación de Pontevedra e presentaranse no Rexistro xeral da institución provincial (de luns a venres de 8:30 a 14:30 h e de 17:00 a 19:00 h; e os sábados de 9:00 a 13:00 h) ou no da súa sede de Vigo (de luns a venres de 9:00 a 14:00 h), nos horarios indicados, ou ben nos lugares e forma establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se a solicitude se remite por correo ou a través do portelo único deberase enviar ademais un correo electrónico, no que se achegue a solicitude en PDF selada (debe constar o selo do rexistro onde se presente, coa indicación do lugar, a data e a hora), ó enderezo electrónico cooperacion@depo.es. De non se realizar deste xeito a solicitude eliminarase automaticamente do proceso.

2º) A solicitude deberá incluír os seguintes datos:

2.1. Obxecto da convocatoria: “Practicum Depo 2015”, prácticas laborais en Europa para mozos recén titulados en ciclos medios de FP

2.2. Datos do centro de FP:

2.1 Número PIC

2.2. Nome, correo-e e número de teléfono do representante legal do centro

2.3. Identificación do profesional do centro de FP que actuará como persoa de contacto, achegando o seu correo-e e número de teléfono

2.4. Orde de preferencia nas titulacións para as que se solicitan as bolsas indicadas con detalle e os países de destino suxeridos (preferiblemente de fala inglesa)

2.5. Número de bolsas solicitadas

3º) Criterios de selección dos bolseiros, que deberán respectar en todo caso o principio de transparencia e facer mención expresa á supervisión do proceso selectivo pola xefa do Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.



Seleccionaranse 12 centros de FP por estrita orde de recepción das solicitudes.

R E S O L U C I Ó N

A relación provisional dos centros interesados publicarase no prazo máximo dun mes no taboleiro de anuncios da Deputación, na súa páxina web *www.depo.es* e no BOPPO.

O prazo para presentar alegacións é de dez días; transcorrido este tempo publicarase a lista definitiva nos medios sinalados anteriormente.

O desenvolvemento efectivo das prácticas queda suxeito á aprobación definitiva do proxecto pola OAPEE.

Pontevedra, 17 de novembro de 2014. — A deputada delegada, Begoña Estévez Bernárdez. **2014118929**

A N U N C I O

Anuncio da Deputación Provincial de Pontevedra polo que se convoca procedemento aberto para a contratación da obra “Centro de Servizos e Apoio Empresarial no Polígono Empresarial Barro-Meis”, (CPV 45230000).

1. ENTIDADE ADXUDICADORA.

- a. Organismo: Deputación Provincial de Pontevedra.
- b. Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

2. OBXETO DO CONTRATO E ORZAMENTO O BASE DE LICITACIÓN:

A execución da obra “Centro de Servizos e Apoio Empresarial no Polígono Empresarial Barro-Meis”, con orzamento de licitación de 742.678,82 euros, máis 155.962,55 euros correspondentes ó IVE.

Plazo de execución: Once meses.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

- a. Tramitación: ordinaria.
- b. Procedemento: aberto.

4. GARANTÍAS:

Definitiva do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

5. CLASIFICACIÓN EMPRESARIAL:

Grupo C, categoría d.

6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN.

- a. Entidad: Servizo de Contratación da Deputación Provincial de Pontevedra.
- b. Domicilio: Avda. de Montero Ríos, s/n
- c. Localidade y código postal: Pontevedra 36002.
- d. Teléfono: 986804100.
- e. Telefax: 986804126.
- f. Páxina web: *www.depontevedra.es*.

7. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS OU DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.

- a. O prazo para a presentación de ofertas será de vinteseis días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación de este anuncio no BOP.
- b. Documentación a presentar: A que figura no plego de cláusulas administrativas.
- c. Lugar de presentación:
 1. Entidade: Deputación Provincial de Pontevedra:
Rexistro Xeral: Avda. Montero Ríos, s/n.- 36071 Pontevedra (luns a sábado).
Sede de Vigo: Rúa Oporto, 3.- 36201 Vigo (luns a venres).
- d. Admisión de variantes: Non se admiten variantes.

8. APERTURA DAS OFERTAS.

- a. Entidade: Diputación Provincial de Pontevedra.
- b. Domicilio: Avda. de Montero Ríos, s/n.
- c. Localidade: Pontevedra.
- d. Data: A apertura do sobre B realizárase, en acto público, ás dez horas do quinto día hábil seguinte ó do que finalice o prazo sinalado para a presentación de ofertas. A apertura do sobre C realizárase de acordo co establecido na cláusula 10 do prego de cláusulas que rixe no procedemento aberto para a contratación da obra.

9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase ós seguintes criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato:

- Enumeración dos criterios non avaliábles mediante formulas (SOBRE B)

Os criterios avaliábles mediante xuízos de valor valoráranse cun máximo de 50 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

- Memoria construtiva e programa de traballo, ata un máximo de 25 puntos.
- Melloras na calidade e/ou cantidade global das obras proxectadas ou dalgunha das súas unidades, que redunden nunha maior calidade construtiva, e/a redución do prazo de execución da obra, ata un máximo de 15 puntos.
- Memoria de seguridade e saúde, ata un máximo de 5 puntos.
- Programa de actuacións medioambientais, ata un máximo de 5 puntos.
- Enumeración dos criterios avaliábles mediante formulas (SOBRE C)

Nota importante: Só se procederá á apertura e valoración das propostas do sobre c daquelas empresas que obtivesen unha ponderación dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor que superen os 30 puntos.

Os criterios avaliábles mediante formulas valoráranse cun máximo de 50 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

- Valoración oferta económica, ata un máximo de 45 puntos.
- Plan de control de calidade da obra, ata un máximo de 5 puntos

Pontevedra, 21 de novembro de 2014. – A Deputada Delegada, ilexible. – O Secretario, ilexible.

2014120104

C O N C E L L O S**CRECENTE****A N U N C I O**

O Pleno do Concello de Crecente en sesión Ordinaria celebrada o día 27.11.2014, acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á información pública polo prazo de quince días, contados desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

En Crecente a 27.11.2014.— A Alcaldesa, Marisol Gomez Domínguez.

2014118927

* * *

LALÍN**A N U N C I O**

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 1 de decembro de 2014, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral Municipal para o exercicio económico de 2015, así como o cadro de persoal funcionario, a relación de postos de traballo e o cadro do persoal laboral do concello para o citado exercicio, polo que de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ábrese un período de exposición ó público de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións durante o devandito prazo, o Orzamento Xeral considerarase definitivamente aprobado.

Lalín, 1 de decembro de 2014.— O Alcalde, José Crespo Iglesias.

2014119701

* * *

MARÍN**A N U N C I O**

Por Resolución da Alcaldía, de data 19 de novembro de 2014, acordouse a adhesión do Concello de Marín ao “FACe - Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas de la Administración del Estado”, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e a creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, que establece a obriga de todas as Entidades Locais de dispoñer dun Punto de Entrada de Facturas Electrónicas.

O que se fai público para xeral coñecemento, en cumprimento do establecido na disposición adicional 6ª da Lei 25/2013, de 27 de decembro.

Marín, 21 de novembro de 2014.— A Alcaldesa, María Ramallo Vázquez.

2014118527

O PORRIÑO*ANUNCIO DE LICITACIÓN*

Por acordo do Pleno da corporación en sesión ordinaria de data 03/11/14, foi aprobado o Prego de condicións técnicas, xurídicas e administrativas, que han de rexer na seguinte licitación:

1.—ENTIDADE ADXUDICADORA:

Concello do Porriño/ Secretaría xeral

2.—OBXECTO DO CONTRATO:

Dereito de arrendamento dunha parcela de titularidade municipal de 121.125,56 m² para explotacións mineiras e industriais na parroquia de Budiño; polo prazo de execución de 15 anos (prórrogables ata 5 anos)

3.—TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

Ordinaria/negociado con publicidade.

4.—ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

150.874 euros, IVE non incluído

5.—GARANTÍA DEFINITIVA:

25% do importe da anualidade da renda arrendaticia.

6.—OBTENCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN:

Na Secretaría xeral do Concello; rúa Antonio Palacios, 1. O Porriño. Pontevedra.

7.—REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:

Estar en posesión do título público concesional de explotación mineira e/ou título privado de arrendamento de explotación mineira concertado co titular concesional minero.

8.—PRESENTACIÓN DAS OFERTAS:

15 días naturais dende a publicación do anuncio de licitación

O Porriño, a 6 de novembro de 2014.—O Alcalde. José Nelson Santos Argibay.

2014118965*ANUNCIO DE LICITACIÓN*

Por acordo do Pleno da corporación en sesión ordinaria de data 03/11/14, foi aprobado o Prego de condicións técnicas, xurídicas e administrativas, que han de rexer na seguinte licitación:

1.—ENTIDADE ADXUDICADORA:

Concello do Porriño/ Secretaría xeral

2.—OBXECTO DO CONTRATO:

Dereito de arrendamento dunha parcela de titularidade municipal de 70.709,71 m² para explotacións mineiras e industriais na parroquia de Budiño; polo prazo de execución de 15 anos (prórrogables ata 5 anos)

3.—TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

Ordinaria/negociado con publicidade.

4.—ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

88.076,01 euros, IVE non incluído

5.—GARANTÍA DEFINITIVA:

25% do importe da anualidade da renda arrendaticia.

6.—OBTENCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN:

Na Secretaría xeral do Concello; rúa Antonio Palacios, 1. O Porriño. Pontevedra.

7.—REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:

Estar en posesión do título público concesional de explotación mineira e/ou título privado de arrendamento de explotación mineira concertado co titular concesional minero.

8.—PRESENTACIÓN DAS OFERTAS:

15 días naturais dende a publicación do anuncio de licitación

O Porriño, a 6 de novembro de 2014.—O Alcalde. José Nelson Santos Argibay.

2014118966

ANUNCIO DE LICITACIÓN

Por Decreto de Alcaldía de data 04/11/14, foron aprobados os pregos de cláusulas administrativas particulares que han de rexer na seguinte licitación:

1.—ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Concello do Porriño.
- b) Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de contratación.
- c) Número de expediente: 36/14

2.—OBXECTO DO CONTRATO

- a) Obxecto: acordo marco cun único contratista, para a subministración sucesiva de formigón ao Concello.
- b) Prazo de execución: 1 ano (con posibilidade de prórrogar 1 ano)
- c) CPV: 44114000.

3.—TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Tramitación / procedemento: ordinaria / aberto.

4.—ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

- a) Orzamento: 40.000 € (33.057,85 € + 6.942,15 € en concepto de IVE)
- b) Prezos unitarios: os establecidos no prego de prescricións técnicas.

5.—GARANTÍA DEFINITIVA:

Non se esixe; de conformidade co artigo 95 do TR-LCSP.

**6.—OBTENCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN**

- a) Perfil do contratante: *www.contratosdegalicia.es* e no Concello do Porriño (na rúa Antonio Palacios, 1, O Porriño. Teléfono: 986335000
- b) Data límite de obtención de documentación e información: o día anterior ao de finalización do prazo de presentación.

7.—PRESENTACIÓN DAS OFERTAS OU DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

- a) Data límite de presentación: 15 días naturais dende o día seguinte a última publicación deste anuncio no DOG, no BOP e no perfil do contratante.
- b) Documentación a presentar: a sinalada no prego de condicións (SOBRES A e B).
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Porriño.
Enderezo: Antonio Palacios, 1 – 36400 – O Porriño (Pontevedra).

8.—APERTURA DAS OFERTAS:

Según se establece no prego de cláusulas administrativas

9.—CRITERIOS BASE PARA A ADXUDICACIÓN:

Os criterios que servirán de base para a adxudicación serán os establecidos no prego de cláusulas administrativas.

10.—GASTOS DE ANUNCIOS:

Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario.

11.—PÁXINA WEB DONDE FIGUREN AS INFORMACIÓNS RELATIVAS Á CONVOCATORIA:

www.contratosdegalicia.es

O Porriño, a 4 de novembro de 2014.—O Alcalde. José Nelson Santos Argibay.

2014118967

* * *

RODEIRO**A N U N C I O****APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DO SECTOR ÚNICO DO SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO DE CARÁCTER INDUSTRIAL NÚM. 1 (S.UR.ND.I-1) DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE RODEIRO**

A Xunta de Goberno Local do Concello, en exercicio das competencias delegadas polo Sr. alcalde, adoptou na sesión ordinaria celebrada o día dezanove de novembro de dous mil catorce, o seguinte acordo:

Primeiro.—Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do Polígono Único do Sector Único do Solo Urbanizable non Delimitado de Carácter Industrial (S.UR.ND.I-1) do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Rodeiro, aprobado inicialmente pola Asemblea da Xunta de Compensación, na sesión extraordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2014 e redactado polo arquitecto Don Leandro del Río Regos e polo avogado Don Carlos Abal Lourido, con data 18 de setembro de 2014.

Segundo.—A presente aprobación definitiva producirá os efectos establecidos no artigo 158 e nos artigos 118 e seguintes da LOUG, así como nas súas disposicións concordantes e complementarias.

Terceiro.—Atribuírse, por ministerio da lei, a propiedade en pleno dominio e libre de cargas das seguintes parcelas de cesión obrigatoria:

Nº PARCELA	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	COEF. PARTICIPACIÓN	USO
11	1.232,14 m2	924,60 m2	100 %	Industrial
12	1.570,93 m2	901,84 m2	100 %	Industrial
13	661,49 m2	714,50 m2	100 %	Industrial
14	576,19 m2	550,00 m2	100 %	Industrial
15	1.464,94 m2		100 %	Equipamento público
16	6.843,36 m2		100 %	Espazo libre público
17	8.026,66 m2		100 %	Viaro público
18	572,55 m2		100 %	Infraestruturas de servizos
19	598,26 m2		100 %	Espazo libre público
20	811,70 m2		100 %	Espazo libre público
22	453,04 m2		100 %	Espazo libre público

Cuarto.—Autorizar, previa a aprobación da modificación orzamentaria que resulte procedente, o abono a favor da Xunta de Compensación da cantidade de CATROCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (444,66 €), en concepto de compensación en metálico por exceso de aproveitamento adxudicado.

Quinto.—Atribuírse, en virtude do disposto no artigo 10.2 do Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, con carácter fiduciario e para a súa entrega a quen acredite mellor dereito sobre as mesmas, a titularidade das seguintes parcelas:

Nº PARCELA	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	COEF. PARTICIPACIÓN	USO
9	948,20 m2	1.407,22 m2	100 %	Industrial
10	906,16 m2	875,00 m2	8,63 %	Industrial

Sexto.—Publicar o acordo no Boletín Oficial da Provincia, notificándollo asemade á Xunta de Compensación e a todos os propietarios incluídos no ámbito, con expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

Sétimo.—Dar traslado asemade da certificación do presente acordo ao Ministerio Fiscal, en virtude das súas atribucións legais en relación as parcelas de titularidade descoñecida e/ou litixiosa.

Oitavo.—Unha vez firme en vía administrativa o presente acordo, a Xunta de Compensación deberá depositar o proxecto aprobado no Rexistro da Propiedade, para a súa publicidade e a práctica dos asentos que correspondan.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Porén, o interesado poderá optar por interpoñer contra este mesmo acordo recurso de reposición ante o Concello, no prazo dun mes a partires do día seguinte ao da presente publicación; nese caso non procederá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente citado, en tanto non se produza resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo de que o interesado poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.

Rodeiro, 26 de novembro de 2014.—O alcalde, Luís López Diéguez.

2014119102

* * *

VILAGARCÍA DE AROUSA**EDICTO**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de decembro de 2014, o Orzamento Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu Organismo Autónomo FPSDM correspondente ao exercicio económico de 2015, no que se inclúe o anexo de inversións, as bases de execución do orzamento, o cadro de persoal (plantilla) a relación de postos de traballo, e o teito de gasto non financeiro para o exercicio 2015.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que comezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

Vilagarcía de Arousa, 1 de decembro de 2014. — O Alcalde, Tomás J. Fole Díaz.

2014120292

EDICTO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 1 de decembro de 2014, o expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº 01/CE/2014 por importe de 3.713.692,85 euros, en relación á aplicación orzamentaria relacionada a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
011-913 Débeda pública-amortiz. préstamos	3.158.215,10 €
453-22699 Estradas-Outros Gastos Diversos	101.408,99€
453-2269977 Estradas-Outros Gastos Diversos REC	454.068,76
TOTAL	3.713.692,85

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son os seguintes:

- a) Baixas de créditos na aplicación 453-61900, do proxecto N°01/01/2006 "LUZ SALGADA," por importe de 3.158.215,10 €, en aplicación do disposto no artigo 36.1 c) do RD 500/90:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS	
87010 CON FINANCIAMENTO AFECTADO	3.158.215,10€
TOTAL	3.158.215,10€

- b) Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda, así como o axuste o recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2013 CV 35/2014:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS	
87000 XERAIS	555.477,75€
TOTAL	555.477,75€

A finalidade é a amortización parcial anticipada do seguinte préstamo vixente, así como o abono parcial dos xuros devengados:

- Préstamo FOMIT nº 9620 30750932913
- Xuros legais.

En cumprimento do disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do Real Decreto Lei 2/2004 de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles que comezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo, poidan formularse as reclama-cións que se consi-deren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

Dada urxencia que reviste a execución do gasto financeiro ao que vai destinado a presente modificación orzamentaria, que é a execución da resolución de reintegro do Ministerio e Industria coa conseguinte paralización do devengo de xuros, e a redución do endebedamento neto dentro do exercicio seguinte ao que se liquida en aplicación do artigo 32 da LOEOSF 2/2012 de 27 de abril, e que as repercusións de dita redución se tiveron en conta na confección do Estado da Débeda para o exercicio 2015 e o seu Orzamento consolidado, en canto a entrada en vigor da mesma e a dispoñibilidade crediticia que implica, co fin de que unha vez transcorrido o prazo de exposición ó público regulamentario, de acordo co artigo 169.1 e 177.2 do TRLRFL RDL 2/2004 de 5 de marzo, sen que se presentase ningunha reclamación, poida considerarse definitivamente aprobado o expediente de referencia sen que sexa preciso proceder a publicar a aprobación definitiva tal e como establece o artigo 169.5 do RDL 2/2004, máis que a efectos de inicio do cómputo do prazo para que os interesados poidan interpoñer, se así o estiman, recurso contencioso-administrativo, publíquese como quedará a situación do o orzamento para o presente exercicio, resumido por capítulos, despois da aprobación do expediente de modificación de créditos:

DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA POR CAPÍTULOS DE GASTOS				
CAPT.	DENOMINACIÓN	CREDITOS		CRÉDITO
		INICIAIS	CE	DEFINITIVO
1	GASTOS DE PERSOAL	10.072.515,63	0,00	10.072.515,63
2	GASTOS BENS CORRENT.	8.546.420,99	555.477,75	9.101.898,74
3	GASTOS FINANCIEROS	508.052,80	0,00	508.052,80
4	TRANSF. CORRENTES	1.956.616,32	0,00	1.956.616,32
6	INVERSIÓNS REAIS	181.112,25	0,00	181.112,25
7	TRANSF. DE CAPITAL	78.581,26	0,00	78.581,26
8	ACTIVOS FINANCIEROS	440.123,18	0,00	440.123,18
9	PASIVOS FINANCIEROS	2.298.648,97	3.158.215,10	5.456.864,07
		24.082.071,40	3.713.692,85	27.795.764,25

DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA POR CAPÍTULOS DE INGRESOS				
CAPT.	DENOMINACIÓN	PREVISIÓNS	MODIFICACIÓNS	PREVISIÓNS
		INICIAIS		DEFINITIVAS
1	IMPOSTOS INDIRECTOS	8.568.433,61	0,00	8.568.433,61
2	IMPOSTOS DIRECTOS	508.896,00	0,00	508.896,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	6.229.259,77	0,00	6.229.259,77
4	TRANSF. CORRENTES	8.239.424,48	0,00	8.239.424,48
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	42.513,96	0,00	42.513,96
6	ALLEAMENTOS REAIS	0,00	0,00	0,00
7	TRANSF. DE CAPITAL	53.420,40	0,00	53.420,40
8	ACTIVOS FINANCIEROS	440.123,18	3.713.692,85	4.153.816,03
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00	0,00
		24.082.071,40	3.713.692,85	27.795.764,25

**VALGA**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, comunícase que na Intervención desta Entidade Local atópase exposta ao público a documentación relativa ao Orzamento Xeral e Anexos para o ano 2015, que foi aprobado inicialmente na sesión plenaria celebrada o día 01/12/2014, acordo que devirá definitivo no suposto de non presentarse alegacións.

A estos efectos, todos aqueles interesados que estén lexitimados segundo o previsto no artigo 170.1 da citada Lei de Facendas Locais, sobre a base dos motivos taxativamente enumerados no apartado 2 do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións ou suxestións dentro do prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Rexistro Xeral da Casa do Concello e en horario de oficina, debendo dirixir os seus escritos ao Pleno da Corporación.

Valga, 2 de decembro de 2014. — O Alcalde, José María Bello Maneiro.

2014120002-R

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADOS DO SOCIAL****De Pontevedra****E D I C T O**

Don Alberto López Luengo, Secretario del Juzgado de lo Social número uno de Pontevedra.

Hago saber: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de don José Enrique Villadeamigo González contra Instituto Nacional de la Seguridad Social y otros, en reclamación por Seguridad Social, registrado con el número Seguridad Social 642/2013 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 13/12/2015 a las 10,10 horas, en Soto 1, Sala Funcional-Edif. Audiencia, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso Juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina Judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a Granitos Soygar, S.L., se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En Pontevedra, a veinticinco de noviembre de dos mil catorce. — El Secretario Judicial, Alberto López Luengo.

2014118954

* * *

E D I C T O

Doña María Remedios Albert Beneyto, Secretaria del Juzgado de lo Social número dos de Pontevedra.

